

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 1 DE XUÑO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día un de xuño deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO (que se incorpora ás 10,30 horas); e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 25 de maio de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acordouse denegar a licenza de instalación e de obras para construción dunha nave industrial e almacén para empresa construtora, no solo clasificado como urbanizable non programado IN-E, na rúa dos Canteiros, s/n.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acordouse excepciónar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, solicitada para a actuación de instalación dun ascensor en edificio sito na rúa Cedrón del Valle, número 2.

Así mesmo, acordouse conceder licenza para as seguintes actuacións: instalación de ascensor no edificio con licenza número 302/66, sito en solo urbano, na rúa Montirón, número 10; para reformas na fachada co obxecto de recuperar a súa composición orixinal no edificio sito en solo urbano na rúa San Pedro, número 30; para modificacións no edificio con licenza número 251/08,

sito na Unidade de Actuación CS-6, parcela 4; modificación de edificio en execución con licenzas anteriores números 510/07 e 81/10, pasando de dúas vivendas a vivenda unifamiliar, na ronda da Muralla número 1; rehabilitación interior de edificio para uso exclusivo de café bar restaurante (modifica unha licenza anterior número 606/07, de rehabilitación para dúas vivendas e un local comercial) na rúa da Cruz, número 17; e legalización de adaptación e ampliación de espazos no centro San Vicente de Paul con licenzas números 241/81 e 80/06, para zona destinada a actividades e sala de psicoloxía, sito en solo urbano, na rúa da Luz, número 3.

Acordouse denegar a licenza solicitada para a demolición de edificación na rúa Bolaño Rivadeneira, número 12.

3. XESTIÓN.- Aprobouse definitivamente o proxecto de urbanización do polígono 2 en solo urbano non consolidado de Paradai.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. PERSOAL.- Acordouse aprobar as bases e convocatoria de proceso selectivo para a cobertura temporal de prazas de oficial condutor para o Parque móbil municipal.

5. POLICÍA LOCAL.- Acordouse proceder ó arquivo de catro procedementos sancionadores incoados a funcionarios da Policía Local.

Así mesmo, acordouse manter a suspensión do procedemento sancionador incoado a un funcionario da Policía Local.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Aprobar o proxecto modificado de obras de construción do Museo Interactivo da Historia de Lugo.

Lugo, 1 de xuño de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García